

# Ora é unha abedoeira...

Olga Novo e Ramsés Pérez



Imaxe de bidueiros · Ramsés Pérez

## Ora é unha abedoeira...

Trocouse en arboriño (foi noutrora),  
i aparece nos ermos orballada,  
porque gusta das lágrimas da aurora,  
xoíñas fulgurantes...

A isolada

ora é unha abedoeira; mais xa fora  
Nympha, talvez, ou Princesiña, ¡Fada!,  
ou a Meiga más linda e argalladora  
que inquietou ós brañegos de Labrada.

Trocouse en arboriño, i entre abrollos  
esmeraldas perdera: ¡os claros ollos!,  
dous astros milagrosos... Mais non perde

súa esvelteza, prodixio de finura,  
seu vestido, milagre de brancura,  
e unha ondeante mantilliña verde.

*D'o ermo*, Antonio Noriega Varela (1920).

A poesía sempre vai por diante porque arrastra o invisible ao visible a través da linguaxe. E sendo un pensamento de avanzada é tamén esencialmente ecoloxista, porque é praxe amorosa, enerxía limpa, delicadeza extrema con todo canto existe. Quen é verdadeiramente poeta, aínda que non escriba un só verso, sabe con que pracer fai unha planta a fotosíntese.

Antonio Noriega Varela (1869 – 1947), coñecido como o poeta das pequenas cousas, pertence á inmensa xenealoxía daquelas persoas que aman a "humilde belleza", como el dicía, e que senten a súplica do pequeno verme á beira do camiño e comprenden a transmigración da materia desde unha ninfa a unha arboriña, como vemos no poema "Ora é unha abedoeira...". Poesía do Todo.

Olga Novo. Poeta.



# ADEGA + TI

## SÚMATE Á DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA

**ADEGA,**  
a Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza,  
pretende a conservación  
e rexeneración do medio  
e o desenvolvemento sustentábel.

Para consegui-lo denuncia os ataques a que se ve sometido,  
aconsella sobre as actuacións más adecuadas,  
ensina como é Galiza, a súa natureza e a súa xente,  
amosa que outra vida máis respectuosa co ambiente pode ser vivida



**Asóciate en adegagal (“Pasa á acción”) ou cumprimenta e envía o seguinte formulario**

nome e apelidos: .....

documento de identidade: ..... data de nacemento: ..... profesión: .....

teléfono: ..... endereço electrónico: .....

endereço: .....

localidade: ..... código postal: ..... provincia: .....

**Escolle a túa modalidade de facerte socio/a\* (Recibirás de balde a revista Cerna dixital e impresa):**

Xeral 60 euros/ano

Superior 78,00 euros/ano

Estudante, xuvenil ou parado/a 30 euros/ano

Superior 19,50 euros/trimestre

Non quero recibir Cerna en papel

**Só me quero inscibir ás publicacións:**

Revista Cerna 10 euros/ano

domiciliación, titular da conta: .....

banco ou caixa: ..... sucursal: .....

iban bancario E S \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_ / \_\_\_\_\_

Prego que ata nova orde fagan efectivos á Asociación para a Defensa Ecolólica de Galiza, con cargo a miña conta,  
os recibos que ao meu nome lles presente a devandita asociación

Data: ..... / ..... Sinatura: .....

**ADEGA - Avenida de Castelao, nº 20 Baixo 15704 Santiago de Compostela / teléfono 981 570 099 email: adegagal / cernadegagal**

\*ADEGA é de Utilidade Pública polo que a túa cota de socio/a e doazóns poden desgravar ata o 80% no IRPF.